

CONTOS DO MUNDO

AMIGOS

Anónimo árabe

Dous amigos viaxaban polo deserto e nun determinado punto da viaxe discutiron. O outro, ofendido, sen nada que dicir, escribiu na area:

- Hoxe o meu mellor amigo pegoume unha labazada no rostro.

Seguiron adiante e chegaron a un oasis onde resolveron bañarse. O que fora losqueado e magoado comezou a afogarse, sendo salvado polo amigo. Ao recuperarse tomou un estilete e escribiu nunha pedra:

- Hoxe o meu mellor amigo salvoume a vida.

Intrigado, o amigo preguntou:

-Por que, despois de que te magoei, escribiches na area, e agora escribes nunha pedra?

Sorrindo, o outro amigo respondeu:

- Cando un gran amigo nos ofende, deberemos escribir na area onde o vento do esquecemento e o perdón se encargaran de borrarlo e apagalo; doutra banda, cando nos pase algo grandioso, deberemos gravalo na pedra da memoria do corazón onde vento ningún en todo o mundo poderá borrarlo.

E aínda que testemuña eu non fun así mo referiron.

A AUGA DO PARAÍSO

Anónimo árabe

Había unha vez un beduíno seco e miserable, que se chamaba Harith, vivía dende sempre no deserto. Desprazábase dun sitio a outro coa súa muller Nafisa. Herba seca para o seu camelo, insectos, de cando en vez unha presada de dátiles, un pouco de leite: unha vida dura e ameazada. Harith cazaba as ratas do deserto para apoderarse da súa pel e facía cordas coas fibras das palmeiras, que intentaba vender nas caravanas.

Só bebía a auga salobre que atopaba nos pozos enlamados. Un día apareceu un novo río na area. Harith probou aquela auga descoñecida, que era amarga e salgada, e ata un pouco turbia. Mais pareceulle que a auga do verdadeiro paraíso acababa de escorrer pola súa garganta.

Encheu dúas botas de pel de cabra, unha para el e outra o califa Harun Al-Rasid, e púxose de camiño cara a Bagdad. Á súa chegada, tras unha calamitosa viaxe, contoulle a súa historia aos gardas, segundo a práctica establecida, e foi admitido ante o califa. Harith prostrouse ante o Comendador dos Crentes e díxolle:

-Non son máis que un pobre beduíno, ligado ao deserto onde o destino me fixo nacer. Non coñezo máis nada que o deserto, pero coñezoo ben. Coñezo todas as augas que alí se poden atopar. Por iso decidín traercha para que a probes.

Harun Al-Rasid fíxose traer un vaso e probou a auga do río amargo. Toda a corte o observaba. Bebeu un bo grolo e o seu rostro non expresou ningún sentimento. Quedou pensativo un instante e entón con forza repentina pediu que o home fose levado e encerrado, coa orde estrita de que non visitase ninguén. O beduíno, sorprendido e decepcionado, foi encerrado nunha cela.

-O que nada é para nós éo todo para el. O que para el é a auga do Paraíso non é máis que unha desagradable bebida para nós. Pero temos que pensar na felicidade dese home -dixo o califa ás persoas da súa contorna, curiosos pola súa decisión-.

Á noitiña fixo chamar ao beduíno. Deu a orde aos seus gardas de que o acompañasen de inmediato fóra da cidade, ata a entrada do deserto, sen darlle outra auga que a súa a beber. Cando o beduíno se ía do palacio na escuridade da noite, viu por última vez ao califa. Este deulle mil moedas de ouro e díxolle:

-Douche as grazas. Noméote gardián da auga do Paraíso. Administrarala no meu nome. Vixíaa e protéxea. Que todos os viaxeiros saiban que te nomeei para tal posto.

O beduíno, feliz, bicou a man do califa e regresou rapidamente ao seu deserto.

E esta historia tan sinxela, non a saben nin en Sevilla, en Córdoba case nada, porque a escoitei en Granada.

FIN

A HISTORIA DE LUCEAFARUL (ROMANÍA)

Luceafarul, o Luceiro, era un dos deuses que habitaban o Universo. Era unha estrela, a estrela máis alta e que se pode apreciar con máis claridade dende os campos e as terras romanesas.

Cada noite, ao caer o sol, Catalina, unha rapariga de alta liñaxe, sae á súa fiestra a contemplar o sorprendente resplandor desta estrela. Pode pasar horas enteiras mirando cara ao alto do ceo porque sente que o seu corazón é prisioneiro desa estrela. E así pasan os meses e os días ata que Catalina descobre o segredo da súa atracción pola estrela: namorouse dun deus, o deus do Luceiro do ceo.

E ocorre que o amor de Catalina está sendo correspondido. Luceafarul tamén se namorou perdidamente dela e axiña comeza a sentir que o seu lugar no Universo xa non está entre as estrelas. E, cando Catalina lle pide que renuncie á súa condición de ser inmortal para poder estar sempre xuntos, Luceafarul non o dubida un momento e vai falar directamente con Deus.

Mentres Luceafarul fala con Deus, na Terra, Catalín, un mozo mortal consegue que Catalina se esqueza por un momento do seu amado.

E así, mentres Luceafarul lle pide a Deus que lle conceda a mortalidade, aínda que só sexa por unha hora de amor con Catalina, esta cae nas redes de Catalín.

Cando Luceafarul regresa á Terra a reunirse coa súa amada, ve que Catalín está abrazando a Catalina e, decepcionado e triste, decide refuxiarse para sempre no alto do ceo. De nada serve que Catalina o vexa nese momento e lle pida que volva. Luceafarul tomou xa unha decisión e entende que o seu lugar non está na Terra, senón alá no máis alto do ceo. Entón emprende, xa só e sen Catalina, o camiño cara ao seu propio destino.

FIN

A FILLA DO CARBOEIRO

Conto tradicional magrebí

Había unha vez un home chamado Hamal, que tiña sete fillas e, para poder alimentalas, facía carbón no bosque e vendíao na cidade.

Todas as fillas, menos a pequena, avergoñábanse do seu pai porque era pobre e porque, de tanto traballar todo o día co carbón, chegaba emporcallado, ennegrecido e mal vestido. Para disimular que estaban en tan mala situación, as seis fillas pasaban todo o día maquillándose e pódose guapas, sen facer nada. Deixaban todas as tarefas da casa nas mans da súa irmá pequena, Fátima, que se ocupaba de bo grado. Pola noite, cando o seu pai chegaba canso, ela traíalle as sandalias e quitáballe enseguida a roupa que estaba chea de po negro para que, pola mañá, a puidese pór limpa.

Fátima era coñecida en todo o país pola súa intelixencia. Era capaz de comprender as palabras máis complicadas e resolver os enigmas máis difíciles.

O emir daquela rexión, o Gran Samir, tamén tiña fama de ser un gran afeccionado aos enigmas e, como era moi autoritario e caprichoso, propúñaos moi difíciles para os seus súbditos, quen tiñan que resolvelos rapidamente se non querían perder a vida.

Un día explicou aos habitantes da cidade, entre os que se atopaba o carboeiro, esta adiviñanza:

*Teño unha árbore con doce ramas,
cada rama ten trinta talos,
cada talo ten cinco follas.*

- Tedes oito días para dicirme qué é. Se pasan oito días e non o adiviñastes, cortareivos a todos a cabeza.

Os súbditos do rei puxéronse moi abatidos e preocupados e, cada día, procuraban por todos os medios atopar a resposta. Xa estaba cerca o día en que se tiñan que volver presentar diante do emir, e o carboeiro, aflixido, explicou o enigma ás súas fillas. Cando a pequena, Fátima, o escoitou, díxolle:

- Non hai unha cousa máis fácil de resolver que o enigma do rei.

Hamal, o pai, escoitou atentamente a explicación.

Ao día seguinte, os homes da cidade compareceron diante do Gran Samir. A cada resposta que non acertaban, o emir ría burlonamente e puña ao carón os condenados á morte. Ao final, tócalle ao carboeiro.

- E ti que atopaches? Preguntoulle o emir rindo, convencido de que non podería acertar aquilo no que os outros fracasaran.

-¡Maxestade! -dixo Hamal- ninguén máis ca vós e Deus sabe a resposta ao enigma. No entanto, penso que a árbore representa o ano, as ramas os doce meses, os talos os días da semana e as follas os cinco rezos da xornada.

O Gran Samir exclamou:

- Carboeiro, salvaches a túa vida e a de todos os teus compañeiros porque esa resposta é a correcta.

Un murmuro de alivio percorreu o grupo de homes que xa se crían condenados. Pero, -o emir continuou dicindo- non podo crer que ti só atoparas a resposta. Dime agora mesmo quen che axudou a resolver o enigma. O carboeiro, morto de medo, respondeulle:

- Unha filla

- Unha filla? Quero casar con ela.

- Pero Maxestade, é demasiado nova, é indigna de vós - respondeu o carboeiro-.

- Quero casar coa rapariga que che axudou a resolver o enigma. Dille que se prepare, doulle o tempo da árbore. De aquí a doce meses os meus homes irán buscala.

O carboeiro pensou que se trataba dun capricho do emir e que se esquecería. Mais, ao cabo de doce meses, os criados do emir presentáronse na casa do carboeiro. Levaban consigo unha caravana cargada de magníficos agasallos para a prometida e tiñan a encomenda de, cando volvesen ao palacio, informaren ao seu amo da beleza da rapaza e de lle repetir logo, unha por unha, as palabras que ela lles dixerá.

Mentres tanto, cando ían de camiño á casa da prometida, os criados roubaron parte dos presentes pensando que ninguén se daría conta.

Cando chegaron, viron ás sete fillas do carboeiro: seis, estaban moi ocupadas engalanándose e mirándose ao espello, a sétima, a pequena, enseguida se ocupou de recibilos amablemente, xa que os seus pais non estaban na casa naquel intre. Ao día seguinte, o pai e a nai volveron e sorprendéronse moito de ver na casa aos criados do emir, porque xa esqueceran a promesa que fixeran.

Ao final de todo, comeron o xantar que a moza preparara na súa honra.

Cando estaban a piques de acomodarse, a moza dille ao xefe dos homes do emir:

- Cando volvades á beira do voso amo, presentádeslle os meus respectos e, agora, pídivos que non esquezades dicirille exactamente isto:

Faltan estrelas no ceo,

auga no mar,

e plumaxe á perdiz.

Os criados non entendían a idea, pero repetiron moitas veces as palabras da moza para memorizalas e poder dicirlas ao emir.

Nada máis chegar, atoparon ao amo impaciente por volver velos.

- Axiña!, dicídeme o que dixo sen esquecer nada -dixo o emir-. Os criados repetiron, unha por unha, as estrañas palabras da moza

- Miserables! -dixo o emir-, que fixestes cos meus agasallos?

O xefe dos criados púxose pálido.

- Démosllos a ela -dixo o xefe dos criados-.

- Désteslle todos os agasallos? -preguntou o Gran Samir-.

Os criados, ao verse descubertos, empezan a suplicar diante do emir e pedir perdón.

- Roubando as pedras preciosas das xoias -dixo o Gran Samir-, privastes o seu ceo de estrelas. Collendo unha parte dos perfumes, quitásteslle a auga ao mar e quedándovos coas xoias de ouro e coa seda, privastes de plumaxe á perdiz.

Ao pouco tempo, o emir e a moza celebraron as súas nupcias. A festa durou sete días e sete noites. O carboeiro viu como cambiaba a súa vida dun día para outro. Non podía crer o milagre que o transformou de carboeiro a pai da raíña. Do mesmo xeito, o emir estaba moi contento de ter en palacio unha esposa que podía responder e xogar coas mesmas armas ca el ao xogo dos enigmas.

FIN

A ÁRBORE QUE FALABA

Había un lobo na selva. Un día, cando estaba fóra paseando, encontrou unha árbore que tiña unhas follas que parecían caras de persoas. Escoitou atentamente e puido oír á árbore falar.

O lobo asustouse e dixo:

-Ata o día de hoxe nunca me atopei con algo tan raro como unha árbore falante. Logo de dicir estas palabras, algunha cousa que non puido ver golpeouno e deixouno inconsciente. Non sabía durante canto tempo estivera alí tendido no chan, pero cando espertou estaba demasiado asustado para falar. Levantouse inmediatamente e empezou a correr.

O lobo estivo pensando acerca do que lle ocorreu e deuse conta de que podía usar a árbore para o seu proveito. Foise paseando de novo e atopou a un antílope. Contoulle o da árbore que falaba, pero o antílope non o creu.

-Vén e veralo ti mesmo -dixo o lobo- pero cando chegues diante da árbore asegúrate de dicir estas palabras: Ata o día de hoxe nunca me atopei con algo tan raro como unha árbore falante. Se non as dis, morrerás.

O lobo e o antílope achegáronse ata a árbore que falaba. O antílope dixo:

- Dixeches a verdade, lobo, ata o día de hoxe nunca me atopara con algo tan raro como unha árbore falante.

Logo de dicir isto, algo o golpeou e o deixou inconsciente. O lobo cargou con el ás súas costas e levouno á súa casa para comerllo. Esta árbore que fala solucionará todos os meus problemas, -pensou o lobo-. Se son intelixente nunca máis volverei pasar fame.

Ao día seguinte, o lobo estaba paseando como de costume. Ao cabo dun intre atopouse cunha tartaruga. Contoulle a mesma historia que lle contou ao antílope, e levouna ata o lugar. A tartaruga sorprendeuse cando viu á árbore falante.

- Non cría que isto fose posible -dixo-, ata o día de hoxe nunca me atopara con algo tan raro como unha árbore falante.

Inmediatamente foi golpeada por algo que non puido ver e caeu inconsciente. O lobo arrastrouna ata a súa casa e púxoala nunha pota. Pensou en facer unha estupenda sopa.

O lobo estaba orgulloso de si mesmo. Despois do antílope e a tartaruga cazou unha ave, un xabaril, e un cervo. Nunca antes comera mellor. Sempre usaba a mesma estratexia. Contaba ás súas presas que debían dicir que nunca antes viran unha árbore falar e que se non o dicían morrerían. Todos eles fixeron o que o lobo lles dixo e todos eles quedaron inconscientes. Logo o lobo cargaba con eles ata a súa casa. Era un plan perfecto, el críao simple e infalible, e agradecía ás estrelas o feito de encontrar esa árbore. Esperaba comer coma un rei durante o resto da súa vida.

Un día, que se sentía con algo de fame, o lobo foi pasear de novo. Esta vez atopouse cunha lebre. O lobo díxolle:

- Irmá lebre, vin algo que ti non viches desde o tempo dos teus antepasados.

- Irmán maior, que pode ser? -preguntou a lebre-.

- Vin unha árbore que fala na selva -dixo o lobo-.

Contou a mesma historia de sempre á lebre e ofreceuse para levala a ver esa árbore falante. Foron xuntos ata o lugar. Cando se achegaban á árbore o lobo díxolle:

- Non esquezas o que che contei.

- Que me contaches? -preguntou a lebre-.

- O que debes dicir cando chegues xunto á árbore, ou se non , morrerás -dixo o lobo-.

-Oh!, si -dixo a lebre-.

E empezou a falar coa árbore.

-Oh!, árbore, oh!, árbore -dixo-. Es unha árbore preciosa.

Non, isto non -dixo o lobo-.

- Perdoa -dixo a lebre-. Entón, falou de novo. Árbore, oh!, árbore, nunca pensei que puideses ser tan marabillosa.

- Non, non! -dixo o lobo-, non é unha árbore preciosa, é unha árbore falante. Díxenche que tiñas que dicir que nunca viras antes a unha árbore falante. Axiña dixo estas palabras, o lobo caeu inconsciente. A lebre foise andando e mirando cara á árbore e o lobo. Logo sorriu:

-Entón, este era o plan do señor Lobo -dixo-. Pensaba que este lugar era un comedreiro e eu a súa comida.

A lebre marchou e contou a todos os animais da selva o segredo da árbore que falaba. O plan do lobo foi descuberto, e a árbore, sen ferir a ninguén, continuou falando soa.

... E este conto tan animal chegou ao seu final.

FIN

LENDA SAHARAUÍ

Un sultán chamado *O Cahal*, nunha expedición contra os seus inimigos, atravesou o Sáhara, e alí por onde foi rendéuselle obediencia e fóronlle pagados tributos por todas as tribos.

Sidi Ahmed, santo fundador da tribo máis numerosa do Sáhara, os Regueibat, atopábase en Halua, na Hameidia (preto de Uad Chebeica), dedicado á oración. A fama do seu prestixio chegou ata o sultán, e este ordenou ao *Santo* que se presentase ante el, ao que Sidi Ahmed se negou, mais mandoulle dicir que lle pagaría o importe das terras, co fin de que estas quedasen, para sempre, como propiedade da súa tribo.

O Cahal, molesto pola negativa, esixiu unha inmensa cantidade e precisamente en ouro, seguro da imposibilidade de reunir tal tesouro. Sidi Ahmed ordenou aos seus preparar varias *gragas* (sacos dunha capacidade de 200 quilos), e mandou enchelos de area e, unha vez feito isto, envioullos ao sultán.

Cando todos esperaban ver estalar a cólera do temido tirano... Oh sorpresa!, viron como este introducía as súas mans nos sacos e retirábaas cheas de po de ouro finísimo. A cantidade era máis que suficiente para pagar todo o Sáhara. Dende entón os Regueibat consideran como da súa absoluta propiedade todo o territorio, ata a sétima onda do mar.

A LENDA DO DÍA DO XUÍZO

Contan no Sáhara esta lenda: No fondo da terra está *Yaya* e *Mayuya*, eles poden ser unha familia numerosa, unha tribo, ou un pobo, que máis dá, unha cousa ou outra. O certo é que levan miles de séculos cavando dende o centro da terra, e queren chegar para anunciar unha noticia.

Cada noite, cando os humanos dormen, *Yaya* e *Mayuya* comezan a cavar coas súas mans, e só deixan de magoar o sono da terra cando se achegan á superficie e están tan esgotados que xa non poden mover nin un dedo. Por descoñecemento, ignorancia ou soberbia, cando finalizan a xornada, só din:

- Quédanos pouco, mañá rematarémolo e sairemos á superficie da terra.

Pero como eles nunca din a palabra clave: "*Se Deus o quere*", Deus enfádase con eles, e ordena que toda a terra apartada que volva á súa forma inicial, e *Yaya* e *Mayuya*, sen darse de conta volven empezar dende cero.

Ata o día que nace o seu fillo, ao que por casualidade do destino, lle chaman: *Se Deus o quere*. Despois do bautizo, volven de novo á eterna faena convencidos de que chegarán. De novo fincan miles de veces as puntas dos seus picos na terra, e o esgotamento reflíctese nas súas caras, con todo ao ver a cara de *Se Deus o Quere* ilumínanselles os rostros. E bérranlle ao bebé palabras cariñosas dende as súas gabias:

- Ri, non chores, *Se Deus o Quere*, que mañá chegaremos.

- Cando o Altísimo os escoita, compadécese deles e déixalles subir á superficie para anunciar a chegada do Xuízo Final ou do Xuízo Inicial.

A FLOR DE LIROLAY

Conto arxentino

Este era un rei cego que tiña tres fillos. Unha enfermidade descoñecida quitoulle a vista e ningún remedio de cantos lle aplicaron puido curalo. Inutilmente foran consultados os sabios máis famosos.

Un día chegou ao palacio, dende un país remoto, un vello meigo coñecedor da desventura do soberano. Observouno, e dixo que só a flor de lirolay, aplicada aos seus ollos, obraría o milagre. A flor do lirolay abría en terras moi afastadas e eran tantas e tales as dificultades da viaxe e da procura que resultaba case imposible conseguila.

Os tres fillos do rei ofrecéronse para realizar a fazaña. O pai prometeu legar a coroa do reino ao que conquistase a flor de lirolay.

Os tres irmáns partiron xuntos. Chegaron a un lugar no que se abrían tres camiños e separáronse, tomando cada cal polo seu. Marcharon co compromiso de reunirse alí mesmo o día en que se cumprise un ano, calquera que fose o resultado da empresa. Os tres chegaron ás portas das terras da flor de lirolay, logo de seguiren distintos camiños, e os tres se someteron, como correspondía, a normas idénticas.

Foron tantas e tan terribles as probas esixidas, que ningún dos dous irmáns maiores as resistiu, e regresaron sen conseguir a flor.

O menor, que era moito máis afouto ca eles, e amaba entrañablemente ao seu pai, mediante continuos sacrificios e con grande risco da vida, conseguiu apoderarse da extraordinaria flor, case ao termo do ano estipulado.

O día da cita, os tres irmáns reuníronse na encrucillada dos tres camiños.

Cando os irmáns maiores viron chegar ao menor coa flor de lirolay, sentíronse humillados. A conquista non só daría ao máis novo fama de heroe, senón que tamén lle aseguraría a coroa. A envexa roeulles o corazón e puxéronse de acordo para quitalo do medio. Pouco antes de chegar ao palacio, apartáronse do camiño e cavaron un pozo profundo. Alí tiraron ao irmán menor, logo de quitarlle a milagrosa flor, e cubrírono con terra.

Chegaron os impostores alardeando da súa proeza ante o pai cego, quen recuperou a vista así que pasou polos ollos a flor de lirolay. Pero, a súa alegría transformouse en nova pena ao saber que o seu fillo morrera pola súa causa naquela aventura.

Da cabeleira do príncipe enterrado abrochou un vigoroso canedo. Ao pasar por alí un pastor co seu rabaño, pareceulle espléndida ocasión para facer unha fruta e cortou unha cana.

Cando o pastor probou modular no flamante instrumento un aire da terra, a fruta dixo estas palabras:

*Non me toques, pastorciño,
nin me deixes tocar;
os meus irmáns matáronme
ola flor de lirolay.*

A fama da fruta máxica chegou aos oídos do Rei que a quixo probar en por si. Soprou na fruta, e oíu estas palabras:

*Non me toques, pai meu,
nin me deixes tocar;
os meus irmáns matáronme
pola flor de lirolay.*

Mandou entón aos seus fillos que tocasen a fruta, e esta vez o canto foi así:
*Non me toquen, irmanciños,
nin me deixen tocar;
porque vostedes me mataron
pola flor de lirolay.*

Levando o pastor ao lugar onde cortara a cana da súa fruta, mostrou o vigoroso canedo. Cavarón ao pé e o príncipe vivo aínda, saíu desprendéndose das raíces. Descuberta toda a verdade, o rei condenou á morte aos seus fillos máis vellos. Mais, o novo príncipe, non só os perdoou senón que, cos seus rogos, conseguiu que o Rei tamén os perdoase.

O conquistador da flor de lirolay foi rei, e a súa familia e o seu reino viviron longos anos de paz e de abundancia.

...Esta historia está acabada, a tomar leite migada con azucre e canela, sentadiño á *candela*¹.

(Este conto é coñecido na rexión setentrional, na rexión andina e na rexión central. En Salta chamado *La flor lirolay*; en Jujuy *La flor del ilolay*; en Tucumán *La flor del lirolá* e tamén *del lilolá* e en Córdoba, La Rioja e San Luís *La flor de la Deidad*.)

¹ Consérvase a forma castelá, no canto da propia galega *candea*, para manter a rima.

O CHINGOLO

Lenda arxentina

Esta é a historia do chingolo, o paxaro que anda a saltiños.

Un vello tropeiro² dicía sempre ao seu fillo:

- Fillo meu, naciches gaucho como o teu pai e o teu avó. Debes ser tamén, como eles, un bo tropeiro... Si, tropeiro, que é oficio de gaucho guapo e de lei. De día, asubiando, asubiando, leva a tropa de aquí cara alá; de noite, cantando e mirando cara ao ceo, coida o gando baixo as estrelas.

Pero ao fillo non lle gustaba o traballo, e menos aínda o oficio que o seu pai lle ofrecía.

E o pai, empeñado en que o seu fillo fose tropeiro coma el, trataba de facelo entrar en razón con consellos unhas veces e con castigos outras. Pero todo resultaba inútil: o fillo non cedía. Non lle gustaba a ocupación, e se algunha vez acompañaba ao seu pai, facíao con gran desgana e con maior desgusto.

Sucedeu que unha tarde, pai e fillo ían arreando unha tropa e tiveron que vadear un río de violentas correntes. Chegados a un paso moi fondo, os animais comezaron a dispersarse. O vello tropeiro ordenou ao seu fillo que impedise o desbande.

Tan mal cumpriu o fillo a orde do pai, que este decidiu facelo en por si. Internou o seu cabalo na fondura do río, e como alí había un remuíño, a forza da auga arrastrouno moi rápido. Non podendo nadar porque a resaca e a espuma o envolvían, o vello tropeiro morreu afogado.

Chorou o fillo a morte do seu pai. Créndose culpable dela, comezou a sentir un arrepentimento profundo e un pesar moi grande.

Querendo tranquilizar a súa conciencia e pagar o mal que fixera, decidiu facerse tropeiro. Así cría poder consolarse da pena que o embargaba. Comezou a encariñarse co oficio e traballaba nel con alegre afán. Asubiaba de día mentres arreaba a tropa; ou facendo a rolda, cantaba de noite mirando cara ao ceo.

O asubío do tropeiro era máis ben o suspiro dunha alma que espera consolo para o seu pesar.

Pero o consolo non chegou nunca; e a calma do mozo tropeiro converteuse en tormento.

- Pobre pai! -pensaba- Non se cumprirán nunca os seus desexos de facer ao seu fillo un gaucho tropeiro!

Angustiado pola dor e o arrepentimento, confiouse ao final a un amigo, dicíndolle:

- A pena tortúrame e non podoo resistila. Axiña hei morrer. Cando os meus ósos queden libres, tíraos, un a un, aos pasos ou vaos dos ríos e regos por onde pasei cando acompañaba ao meu pai, con gran desprezo do traballo e mala vontade para cumprilo.

O nobre amigo prometeu satisfacer o seu pedido e, logo dun tempo, así o fixo.

Din que a auga foi gastando aos poucos os ósos do tropeiro arrepentido, e que logo de longos anos, foron eses ósos tomando a forma de ovos. Din tamén, que de cada un deses ovos naceu un paxariño.

² Na lingua orixinal *tropero*: condutor de carretas ou de mandas de gando, especialmente vacún.

Ese paxariño é o chingolo, que anda a saltiños para recordarnos que aquel fillo que non amaba o traballo e que desobedeceu ao seu pai, non puido chegar a ser feliz. Asubiar cando canta, porque o tropeiro asubía e canta de día e de noite encirrando á tropa na soidade dos campos.

...E aquí acábase este conto, como mo contaron, cóntocho.

CONDE RENAUD D'HERBEUMONT

Lenda belga

Nun pobo de Bélxica cóntase a lenda do *feroz cazador*. *O feroz cazador* era un conde chamado Renaud d'Herbeumont. Este señor tiña pola caza unha paixón desorbitada. Pola mañá, apenas cantara o galo, xa se lanzaba o conde do leito, vestía as roupas de cazador, baixaba ao patio e, aí dos seus criados se non tiñan dispostos xa o corcel e a manda de cans! Con terribles castigos pagaba a pouca dilixencia dos desgraciados. Despois abríase a porta do castelo e como un alude saía o conde seguido dos cans e dos monteiros.

Isto era a diario. E o terrible cazador non respectaba nin as festas de gardar nin os domingos. As amoestacións dos sacerdotes eran recibidas por el con burlas, cando non con ameazas. A un pobre cura que lle botou en cara o seu impío proceder, lanzoulle unha xavelina que a piques estivo de traspasalo.

Un deses domingos en que o conde cabalgaba pola selva veciña atopou de súpeto un cervo, ao que quixo dar alcance. O cervo corría, sen ser alcanzado polos cans. De súpeto, ante o conde interpúxose un cabaleiro vestido con brancas roupas.

- Fóra!, fóra do camiño! -berrou exasperado o Conde! O cabaleiro, que non era outro que o Anxo da Garda do impío cazador, rogoulle que suspendese a súa diversión en atención á festividade do día. Pero o conde non soamente se negou a oílo, senón que se lanzou contra el. O cabaleiro desapareceu, e o conde, sen advertir o sobrenatural do suceso, continuou cabalgando na persecución do cervo.

O animal atopou refuxio nunha ermida que por alí había. O cabaleiro quixo entrar na ermida; pero o monxe que estaba ao servizo da casa de Deus instouno a que se detivese. O Conde insultou terriblemente ao ermitán, ameazándoo de morte e blasfemando. Pero naquel momento o día escureceu e á claridade da mañá sucedeu unha tenebrosa escuridade. Brillou o lóstrego, estalou un prolongado e angustiador trono, e Satanás apareceu rindo terriblemente. Colleu ao blasfemo polos cabelos e retorcelle a cabeza ata pórllle a cara enriba das costas. Ao mesmo tempo, o cabalo do conde Renaud encabuxouse, e unha trenla de cans saídos do inferno comezou a ladrar. O cabaleiro quixo fuxir; aguilloou o cabalo, e este escapou galopando. Pero a infernal trenla lanzouse na súa persecución, e o conde, coa cabeza volta cara atrás, non podía apartar a imaxe das bestas que o perseguían. Así cabalgou e cabalgou, e aínda cabalga, en castigo do súa impenitencia.

Nas horas da noite, no bosque do Dansau, preto de Herbeumont, óese moitas veces pasar a cacería do conde Renaud.

Este conto tan fantasmal sentoume fatal. Xa veremos como durmo se das pantasma acordo.

A SEREA

Lenda de Holanda

Este conto ten lugar nun gran pobo pesqueiro de Holanda. Os barcos atravesaban en todas direccións o mar do Norte e traían ricos cargamentos de peixe. Isto fixo que os seus habitantes se volvesen tan soberbios polo seu gran coñecemento do mar, que frecuentemente adoitaban dicir:

-Nós somos os donos do mar. En que parte do mundo se pode atopar uns pescadores coma nós?

Un día que un grupo destes pescadores estaba nos seus botes, no interior do mar, ao sacar as redes atoparon nelas unha fermosa serea.

- Oh, deixádeme escapar, boa xente! –suplicou-.

Pero os pescadores, insensibles aos rogos da serea, metérona na barca, para levala a terra e ensinala á xente do seu pobo.

No camiño fóronse burlando dela desapiadadamente.

- Por favor! -repetía a serea-, deixádeme marchar, que eu saberei recompensarvos!

Pero, por toda resposta, os pescadores rían estrepitosamente dos seus ofrecementos.

Entón unha voz desgarrada deixouse oír dende o profundo do mar.

- É o tritón! -exclamaron os pescadores, cunha risa burlona-. Mirádeo: alí está flotando, co seu pequeno en brazos.

Efectivamente, o tritón xurdía da auga coa súa cabeleira verde, como as ondas, e co rostro cobreado. En brazos levaba ao seu filliño. Ao velos, a serea estendeu os seus brazos amorosamente cara a eles.

- Devolvédema! -berrou o tritón, chorando-. Eramos tan felices co noso pequeno! Que ides facer con ela? Morrerá en canto toque terra! Pero os pescadores, sen contestarlle, seguiron navegando cara ao porto.

Unha e outra vez, o tritón aparecía sobre a auga, mirando con pena á súa querida esposa, mentres ela, cos ollos cheos de bágoas, trataba de contemplalo a través da rede. Cando chegaron á praia, os pescadores saltaron a terra. Esperábanos as súas mulleres e fillos, con gran alborozo. Entón, sacando a rede, exhibírona ante todos, para que contemplasen á serea, mentres o tritón, na beira, estendendo os seus brazos con desesperación, nadaba, berrando:

- Escoitádeme pescadores! Nós vivimos no fondo do mar, nunha casa feita de cunchas brancas, azuis e douradas, que a serea e eu fomos recollendo amorosamente. Temos un fillo que é a nosa alegría. Ides permitir que ela morra en terra? Tede piedade! Pero os homes e as mulleres berraban alegremente, sen facerlle ningún caso, mentres arrastraban á serea, encerrada na rede, ata o faro próximo, onde a abandonaron. Ao pouco tempo, a pobre serea morreu.

O tritón, tolo de desesperación, trataba de achegarse todo o que podía ao faro, vixiando á súa querida esposa, mentres os pescadores se burlaban del, dicindo:

- En que podes ti danarnos? Non posúes espadas, nin frechas, nin nada con que facernos mal.

O tritón non comprendía os seus berros e a dureza dos seus corazóns; pero tiña o seu cheo de odio, dor e vinganza. De súpeto empezou a afundirse, e de novo saía á superficie transportando algas e area. Con elas foi enchendo os fondos da beira do mar, e en poucas horas as vías de saída dos barcos do porto quedaron completamente obstruídas.

Entón, o tritón, nadando lentamente, afastouse co seu neno cara á súa casiña de cunchas azuis, brancas e douradas, e nunca máis volveu aproximarse á vila.

A area e as algas, lenta e silenciosamente, ían sendo arreboladas á praia pola marea, chegando a bloquear o porto e encallando as embarcacións que se achaban nel. Pouco despois, as tempestades e o vento empuxaban a area ata cubrir as casas e as rúas. Ata que finalmente, tan imposible fíxose alí a vida, que os orgullosos pescadores tiveron que abandonar a cidade. Con todo, a area non invadiu o faro, onde a serea morrera, e as ondas, que tiñan a cor do pelo do tritón, seguiron arrolando docemente aqueles lugares.

...Colorín colorado, este conto rematou, se queres que cho conte outra vez pecha os ollos e conta ata tres.

O SOÑO DO TESOURO SOBRE A PONTE

Lenda de Holanda

Fai moito tempo, vivía nunha pequena vila un zapateiro cuxa vida estaba moi lonxe de ser cómoda, xa que o traballo rendíalle pouco e as súas necesidades eran moitas. Era laborioso, dilixente e bo artesán. A súa muller era unha excelente ama de casa, ordenada e económica; pero tiñan tantos fillos, que todo o traballo do pai e a boa administración da nai eran pouca cousa para tantas bocas. Con todo, o bo home non se desesperaba, pois tiña confianza en que un día ou outro as cousas cambiarían ao seu favor. A súa muller acusaba de tolo ao zapateiro cando este lle dicía:

- Non te apures, todo irá mellor algunha vez.

Pero sentía grande satisfacción ao ver que as ilusións non quitaban ao marido de traballar intensamente durante todo o día e boa parte da noite.

Unha mañá, cando o matrimonio estaba tomando o pobre almorzo, o zapateiro dixo:

- Esta noite tiveren un soño moi claro e moi significativo. Foime anunciado que en Amsterdam, sobre o Papenbrug (a Ponte dos Curas), atoparei a felicidade.

A muller comezou a rir e respondeulle:

- Menos mal que Amsterdam cae tan lonxe, pois, doutro xeito, serías o bastante babeco para ir alá. Os soños non son máis que mentiras.

O zapateiro non fixo comentario algún. Rematou de almorzar e baixou ao taller, onde o esperaba unha chea de botas para arranxar. Durante todo o día, mentres traballaba, non apartaba do seu pensamento o soño que tivera pola noite. Cando se deitou, aínda estaba preocupado. E apenas pechou os ollos e durmiu, volveu soñar que en Amsterdam, sobre o Papenbrug, atoparía a felicidade. Pola mañá díxolle á súa muller:

- Ti podes dicir que os soños son mentira, pero volvín soñar o mesmo que onte á noite.

A boa muller riu del e argüíulle que pola noite a cabeza non anda como durante o día. Máis como queira que aquela noite o zapateiro volveuse ter o mesmo soño, cando espertou díxolle decididamente a ela:

- Acabouse, volvín a soñar o mesmo. De modo que me vou a Amsterdam.

A muller colleu un enfado regular e censurou ao seu marido por deixar o traballo para seguir unha fantasía:

- A túa viaxe será inútil, e cando volvas non teremos que comer, pois perderás o traballo destes días, e os clientes irán a outro zapateiro.

Pero todos os reproches e todo o enfado foi traballo perdido. O home partiu cara Amsterdam.

Cando chegou á cidade, pediu a un viandante que lle indicase o camiño para ir á Ponte dos Curas. Chegou a ela e comezou a errar por alí, pois non sabía de certo que era o que podería traerlle a felicidade. O primeiro día vagou, sen afastarse da ponte; pero non lle pasou nada. Ao día seguinte volveu emprender os seus paseos polo mesmo lugar e polos seus arredores, parando ás veces nel; pero tampouco atopou nada. Xa comezaba a arrepentirse da súa tolemia, mais tampouco era home que se desanimase facilmente. O terceiro día fixo o mesmo que fixera os anteriores, e cara ao atardecer atopou un esmoleiro, que lle dixo:

- Perdón, bo home, dende hai tres días vin que vagabades por aquí sen facer nada e que parades de cando en vez. Podo preguntarvos que é o que buscadeis?

O zapateiro contestou:

- O que eu busco non mo podedes dar vos.

Ao que o esmoleiro lle replicou:

- Iso pode ser certo ou non, mais, dende logo, se non me dicides nada, eu tampouco podoo facer nada.

Entón, o zapateiro mirou ao esmoleiro, e logo de pensar un intre, confesoulle o soño que tivera. O esmoleiro comezou a rir e exclamou:

- Pero, bo home, sodes tan babeco para crer en soños?, eu tamén teño soños, mais non lles fago caso. Bah! Arranxado estaría un se fose seguir o que ve en soños! Eu, por exemplo, soñei durante tres noites seguidas que no xardín do zapateiro que vive diante da igrexa, atopase un saco cheo de ouro debaixo dun poste que hai alí. E credes que por iso vou facer unha viaxe tan longa? Non, nada me fará mover un pé para poñerme en camiño.

Cando o zapateiro oíu as palabras do esmoleiro, sentiu que o corazón lle latexaba, como queréndoselle saír do peito. Pero disimulou a súa emoción e díxolle:

- En efecto, tedes razón, o mellor que podoo facer é volver á miña casa.

O esmoleiro opinou o mesmo, e ambos se despediron. Cheo de axitación, o noso bo home volveu tomar o camiño da súa vila. O camiño pareceulle moito máis belo que á ida, pero máis longo. Ao fin chegou. A súa muller recibiuo con agarimo mais, aínda así, recriminoulle a súa viaxe:

- Xa estarás contento! atopaches o que buscabas? Polo menos, non che pasou nada.

Mais o zapateiro, sen case responderlle, dirixiuse ao xardín, logo de coller unha aixada. A súa muller, entón, exclamou:

- Pero que nova tolemia é esta? Deixa esa aixada, colle o tirapé e ponte a traballar. Todos os donos das botas que deixaches sen arranxar están indignados.

O zapateiro, sen facerlle ningún caso, empezou a cavar no sitio do poste, mentres a muller seguía coas súas exclamacións de indignación. Mais, cando o zapateiro, logo de cavar un intre, sacou un caldeiro cheo de prata, a muller abriu uns ollos grandísimos e quedou muda de asombro.

- Que dis agora? - exclamou, con aspecto alegre, o feliz zapateiro-. Non podería dicir eu agora que atopei verdadeiramente o benestar na ponte de Amsterdam? Os felices esposos conviñeron en que non debían dicir a ninguén nada do achado e levar a mesma vida de traballo que anteriormente, aínda que un pouco mellorada. O caldeiro desenterrado era de ferro, e a muller usouno para a casa. Viron que nel había unha inscrición; pero nunha lingua que non entendían, e non deron importancia a ese detalle. A súa presenza non inspiraba sospeitas aos que viñan visitar ao zapateiro. Pero un día este recibiu a visita do pastor da súa parroquia. O pastor sentou á beira do lume e contemplou o caldeiro. Despois dixo:

- Eh!, de onde che vén ese caldeiro? Compreillo a un ferraxeiro -dixo o zapateiro-, mais non sei qué significan esas palabras que están aí. Vós, sen dúbida, saberédelo ler. O pastor mirouno detidamente e dixo:

- Xa o creo! Entendo as palabras, pois son latinas. Din: Debaixo deste caldeiro hai aínda outro caldeiro. Pero non sei que pode significar isto. O zapateiro sufriu unha nova emoción; mais, prudentemente, despois de que o pastor rematara de falar, limitouse a dicir:

- Pois para min segue sendo tan escura coma antes. Mais desexaba ardentemente que o pastor acabase a súa visita. En canto o ministro protestante saíu da casa, o zapateiro colleu de novo a aixada e correu ao xardín, cavando máis profundamente no sitio onde aparecera o caldeiro. E, en efecto, apareceu outro caldeiro igualmente cheo de prata. Agora o bo home xa tiña o seu porvir asegurado. Para recordar a súa aventura,

fixo colocar no xardín unha columna de granito no sitio onde atopara os caldeiros. Máis de cen anos logo da morte do zapateiro e da súa esposa, aínda continúa alí a columna.

... E, colorín colorado, este conto de caldeiros máxicos xa se rematou.

OS TESOUROS ESCONDIDOS

Contos de Romanía

Cara á fin do século XIX, un tal Jean Ris descendeu, atado a unha corda, a unha cova preto de Torda, convencido de que alí atoparía os tesouros de Darío. Viuse como descendía ata uns 40 metros, pouco máis ou menos. Pero chegado alí, non podía avanzar nin retroceder. Os compañeiros quixeron sacalo, tirando da corda; pero oíron que o malpocado Jean Ris berraba con voz queixosa:

- É inútil que vos esforcedes. Os que gardan o tesouro téñenme encadeado. E, durante moitos días e moitas noites, oírono lamentarse, ata que morreu de fame e de sede.

Preto de Mezo Band ábrese unha especie de caverna da que, cada nove anos, unha fada, que ten alí a súa morada, sae para buscar auga a un lago veciño, quedando a porta da cova aberta ata o regreso do fada.

Nas proximidades desta cova había un pobre home que buscaba en balde a ocasión de enriquecerse e, nunha das saídas da fada, creu que era o momento oportuno para penetrar na cova, onde supuña que había un tesouro gardado polo fada. Entrou e, antes de que puidese atopar nada, viu que a fada volvía. Saíu correndo, mais tropezou, e ao saír, a porta pechouse, colléndolle un dos talóns. E, o pobre home, quedou coxo para toda a súa vida.

Había unha vez un cabaleiro, chamado Zeta, de moi malos costumes. Sempre que cometía un acto malo, no canto de arrepentirse compraciábase en blasfemar. Este cabaleiro era moi rico, e así, a xustiza terrestre non podía nada con el, e a xustiza divina era desprezada polo blasfemo. Ademais tiña dous fillos tan blasfemos coma el.

Mais un día, o Deus dos cristiáns, querendo darlle un exemplar castigo, no momento en que Zeta e os seus fillos se atopaban no medio dunha bacanal, fixo que o castelo do mal cabaleiro se derrubase, enterrando a este, aos seus fillos e aos grandes tesouros que alí gardaban. Conservándose aínda hoxe estes tesouros no monte onde estaba o castelo.

E dende entón, cada sete anos, na noite de San Xurxo, as portas do castelo ábrese. Fai uns cen anos, un tal Boshazi entrou no interior da montaña mentres as portas estaban abertas.

Entrou por uns corredores escuros e húmidos, ao fondo dos cales se vía resplandecer un gran brillo. Chegou ata alí e atopouse unha cámara chea de ouro, de pedras preciosas, de vasos riquísimos.

Gardando o tesouro estaban os dous fillos do cabaleiro Zeta e Boshazi preguntoulles:

- Ata cando habedes de estar aquí?

- Ata que non haxa cristiáns sobre a terra -responderon os condenados-.

Boshazi encheu os seus petos de ouro e prata e regresou cara á saída. Pero no momento en que pasaba pola porta, esta pechouse, colléndolle por un talón, e, ao caer, o ouro e a prata vertéronse e perdéronse, morrendo Boshazi na miseria.

...E acabouse este conto con pan e pemento e todos contentos.

NENA DE NEVE

Conto ucraíno

Sentada no recuncho da cheminea, a anciá suspiraba quedamente mentres revolvía a sopa. Tanto a ela como ao seu vello e querido esposo entristecíaos a falta dun fillo que lles alegrase os días que lles podían quedar. Non verían nunca un gorriño de pel colgado da repisa da cheminea, nin dúas zapatillas secándose xunto ao lume.

O ancián trouxo un feixe de leña e sentou. Logo, mentres oía aos nenos rir e bater palmas, mirou pola fiestra. Alí estaban, bailando alegremente ao redor do boneco de neve que acababan de facer.

- Mira, Maruxa -díxolle á súa muller-. Vén ver o boneco que fixeron.

Xuntos ante a fiestra, riron ao ver canto se divertían os nenos. De súpeto, o ancián volveuse cara a Maruxa cunha brillante idea.

- Saíamos a ver se nós tamén podemos facer un bonequiño de neve.

Mais a anciá riu del.

-Que dirían os veciños? Burlaríanse de nós, seríamos o choqueiros do pobo. Xa somos demasiado vellos para xogar como nenos.

-Só un pequeno, Maruxa, soamente un boneco pequeniño. Eu ocupareime de que ninguén nos vexa.

- De acordo, de acordo - dixo ela rindo-, faremos o que queiras.

Avanzaron con dificultade pola neve ata chegar a un pequeno bosque e, detrás del, alí onde a neve era branca e fermosa e ninguén podía velos, sentaron a facer o boneco.

Axeonllados na neve, modelaron o corpiño nun abrir e cerrar de ollos. Agora unicamente lles faltaba a cabeza para finalizar. Dúas gordas bólas de neve formaron as fazulas e o rostro, e unha moi grande a cabeza. Logo colocaron unha presa para o nariz e fixeron dous buracos, un a cada lado, a modo de ollos.

Non ben estivo rematado, retrocederon para miralo, rindo e aplaudindo como dous nenos. De súpeto, detivéronse. Que ocorrera? Algo moi estraño, por certo! Alí, onde estaban os buracos, viron dous melancólicos ollos azuis que os miraban. As fazulas volvéronse redondas, tersas e brillantes, e dous beizos rosados comezaron a sorrirlles. Uns bucles moi louros escapaban dun branco gorro de pel e caían sobre os seus ombreiros. De súpeto, e antes de que puidesen reaccionar, o boneco converteuse na máis bela meniña que xamais viran.

Miráronse o un ao outro de esguello e, incrédulos, rascáronse a cabeza. Mais aquilo era tan real como a vida mesma. Alí, ante eles estaba de pé a nena, toda de rosa e branco. Estaba viva de verdade, pois correu cara a eles. E cando se agacharon para alzala, puxo un brazo ao redor do pescozo da anciá e co outro colleu o do ancián e deulles a cada un, un bico e un abrazo.

Riron e choraron de felicidade e, ante o temor de espertar e que se rompe o encanto, arrouparon rapidamente á pequena e emprenderon o regreso á casa.

Só cando estiveron dentro e viron a cheminea, a pota de sopa xunto ao lume, o feixe de leña a un lado e todo tal cal o deixaran, xa non volveron temer que todo aquilo fose un soño.

Alí estaban o gorriño branco de pel colgando da repisa da cheminea e os zapatíños secándose á calor do lume, mentres a anciá collía á nena no seu colo e lle cantaba suavemente unha nana. O ancián puxo a man sobre o ombreiro da súa esposa e ela alzou a vista.

- Ao fin temos unha neniña! Sacámola da neve, así que a chamaremos Snegorotchka (nena de neve).

A anciá asentiu coa cabeza e logo bicáronse. Cando remataron de cear fóronse á cama seguros de que, pola mañá cedo, atoparían á nena aínda con eles. E non se equivocaron. Alí estaba, de pé entre os dous, parolando e rindo. Aquel día celebrárono cun gran banquete. Todos os nenos e as nenas do lugar foron invitados; comeron, cantaron, bailaron e divertíronse ata o amencer.

Logo daquel día, a pequena de neve xogou cos outros nenos e ensináballes como facer castelos e palacios con salóns de mármore, tronos e fermosas fontes. Parecía que coa neve e os seus finos dedos podía facer todo o que quixese.

Mais xa ían rematando os meses de inverno. A terra comezaba a cubrirse de verde, as árbores vestíanse e as flores temperás derramaban o seu aroma. Era a primavera que, amarrada durante o longo inverno, quería pegar o estirón definitivo para poder expandirse libre.

Unha tarde, mentres a anciá estaba sentada no recuncho da cheminea revolvendo a sopa e cantando unha canción, pois nunca se sentira tan chea de felicidade, e o ancián deixaba caer un feixe de leña no chan. A nena de neve, a luz dos seus ollos, permanecía sentada xunto á fiestra, contemplando a verde herba e a follaxe das árbores.

O seu rostro estaba pálido e os seus ollos tiñan un ton menos azul do habitual.

-Non te sentes ben, pequena? -preguntoulle o ancián-.

-Non, pai -respondeu con tristura-. Ai, estraño tanto a branca neve! A herba verde non é nin a metade de bonita. Gustaríame que a neve chegase outra vez.

- Pois, claro que si! A neve chegará novamente -contestou o ancián-. Seica non che gustan as follas das árbores e as flores?

- Non son tan bonitas coma a pura neve branca -dixo a nena tremendo-.

Ao día seguinte ela tiña un aspecto tan triste e estaba tan pálida que os seus pais se asustaron e se dirixiron unha mirada de inquietude.

- Filla miña, por que non saes xogar cos demais nenos? Están todos divertíndose no bosque. Mais notei que agora nunca xogas con eles. Por que, querida miña?

- Pai, non o sei, pero o meu corazón parece que se converte en auga cando o suave e morno vento me trae o perfume das flores.

- Nós iremos contigo, filla miña -dixo o ancián-, porei o meu brazo sobre ti e protexereiche do vento. Vén, mostráremosche todas as belas flores do campo, dirémosche os seus nomes e ti acabarás amándoas.

Maruxa retirou a pota do lume e os tres xuntos saíron da casa, pero non foran moi lonxe cando o cálido perfume das flores chegou ata eles flotando na brisa, e a Nena de Neve tremeu coma unha folla. Os anciáns bicárona e consolárona, mentres se dirixían ao campo, ao lugar onde crecían as flores máis bonitas. De súpeto, mentres atravesaban un pequeno bosque de grandes árbores, un brillante raio de sol cruzouse como un dardo e a nena puxo a man sobre os ollos e lanzou un berro de dor.

Detivéronse e mirárona. Polo seu rostro deslizábanse bágoas que, ao caer, brillaban á luz do sol. E comezou a volveuse máis e máis pequena, ata que ao fin todo o que quedou da Nena da Neve, Neviña, era unha pinga de orballo brillando sobre a herba, unha bágoa que caera na corola dunha flor. Nese preciso momento os dous anciáns, Maruxa e Ioushko, comprenderon que a súa pequena e querida nena estaba feita simplemente de neve e se derretera á calor do sol.

...E aquí acábase este conto, como mo contaron cóntocho.

FIN

CONTO XITANO: O ESPELLO MÁXICO

Houbo un tempo, fai moitos, moitos anos, cando aínda non existían os países que coñecemos agora, nin había tantos libros e nin sequera as matemáticas ou algunha outra ciencia ou arte era recoñecida. Neste tempo, no Oriente, naceu e creceu un pobo ao que coñecían co nome de Xitanos.

Os xitanos, vivían baixo o consello dun ancián bondadoso e sabio que, ano tras ano, día tras día, foi transmitíndolles saberes que ninguén coñecía. A este sabio ancián chamábanlle «O Patriarca».

O Patriarca ensinou ao seu pobo a traballar o ferro, con el crearon arados, ferraduras para os cabalos e todo tipo de instrumentos de labranza; ensinou tamén formas de curar ás persoas afectadas dalgún mal, facendo así que recuperasen a saúde; quixo que a través das cartas e as mans descifrasen o futuro..., pero o que máis quixo transmitir ao seu pobo foi o gusto pola natureza, polo que lles ensinou a escoitar os seus sons para convertelos en música, co que o seu pobo sempre estaría feliz cantando, bailando e tocando.

Os xitanos e as xitanas eran felices con todo isto, pois, que máis podían pedir? Eran un pobo ditoso e rico.

Un día, o Patriarca enfermou. Miles de persoas intentaron sandalo, pero ninguén daba co remedio adecuado. A el non lle preocupaba demasiado, sabía que o seu tempo neste mundo chegaba á fin.

Xusto cando lle quedaban poucas horas de vida, o Patriarca reuniu aos máis anciáns de cada familia e díxolles:

-“Os meus días acabáronse, por iso vos reunín”.

Todos intentaron darlle esperanza, remedios máxicos, unguentos. E todo tipo de beberaxes para a cura, pero xa non había nada que facer, así que o Patriarca fíxoos calar e continuou con serenidade:

-“Antes de marchar quero entregarvos este espello máxico que vos guiará, coidade del, pois seguirevos ensinando as artes da humanidade”.

O ancián, mostrou un espello precioso da altura dun mozo, cun marco de ouro labrado con inscricións e seres máxicos. Na parte máis alta, coroando o espello, destacaba unha pedra máxica, á que agora chamamos ágata. O Patriarca entregoullo aos anciáns cando se dispuña a marchar e díxolles:

-“É o meu desexo que todo o que sabedes o divulguedes polo mundo, ide de pobo en pobo e mostrade os vosos saberes; o espello será símbolo da nosa unión”. Ao dicir isto, fíxose o silencio e o Patriarca morreu. Entón, sen perder tempo, os xitanos comunicaron ao resto do pobo os desexos do patriarca e, sen pensalo, comezaron a viaxar de pobo en pobo.

Por cada sitio que pasaban eran acollidos calorosamente pois eles mostraban sempre a súa sabedoría. Ensinaban formas de sandar ás persoas, a arte de forxa, a adiviñación... Dende os pobos máis fríos e montañosos ata os máis cálidos, recibían con orgullo aos xitanos. Así, foron percorrendo pobos e ensinando todo tipo de artes e ciencias fundamentais para a humanidade.

Certo día cando xa transcorreran bastantes anos dende a morte do Patriarca, os xitanos chegaron a un lugar onde as xentes eran moi parecidas a eles: tiñan a súa mesma cor de pelo e de pel, os seus costumes eran semellantes e ata a forma de falar gozaba de características moi parecidas.

Esta situación fixo que os xitanos se sentisen moi cómodos no lugar e decidiron quedar algún tempo. Viviron alí moitos cambios de estacións, moitas lúas... ata que algúns, recordando as palabras do Patriarca, empezaron a sentir que debían seguir avanzando,

chegar a outros pobos, a outras persoas. Non todos pensaban así, algúns sentían a necesidade de establecerse alí, pensaban que merecían un sitio para vivir. As discrepancias eran tan fortes que todos os xitanos se reuniron para intentar decidir qué facer. A reunión foi violenta, cada grupo ía expondo as súas razóns unha tras outra e todos tiñan algo de razón, polo que aquilo acabou sendo unha decisión difícil. Ademais había outro gran problema: o espello máxico.

Por suposto, só había un e, claro, tanto os que se ían como os que quedaban queríanlo. Comezou unha discusión que foi aumentando aos poucos e terminou nun forcexo brusco para conseguir o espello. Nesta loita pola sabedoría, o espello caeu ao chan e rompeu en mil pedazos; a maxia fixo que se espaxearan por todo o mundo co vento...

Os xitanos, asombrados, xa non tiñan motivos para discutir, así que se dividiron. Un grupo quedou e o outro continuou a súa marcha polo mundo. Os xitanos que quedaron, foron esquecendo os seus saberes e cada vez fóronse sentindo máis rexeitados polos aldeáns. Os que se foron, tamén foron esquecendo todo o que lles custou séculos aprender e alá onde chegaban xa non eran ben recibidos; desprezo e hostilidade eran o único que lles mostraban os pobos onde chegaban.

Ao cabo duns anos, os dous grupos reuníronse e cada un contou as súas desgrazas. Tal era o maleficio que decidiron dividirse en familias, espaxearse polo mundo e buscar os anacos de espello.

E é dende entón que os xitanos andan deambulando, intentando recompor o espello máxico para volver vivir unidos e en paz.

Por iso, SE ATOPAS UN ANACO DAQUEL ESPELLO, POR FAVOR, DÁLLO AOS XITANOS... LEVAN SÉCULOS BUSCÁNDOO.

FIN

CONTO CANARIO

Fai tempo, no século pasado, no norte de Tenerife, había un doutor español que se chamaba Peytavi, gordo, fazuleiro e aproveitado dos seus enfermos como o que máis. Un día, o doutor ía montado na súa mula para visitar a un enfermo guanche nos montes da Orotava, que tiña un absceso na garganta. O noso doutor atópase cun amigo á porta da casa do seu cliente; báixase da mula para charlar un intre máis comodamente, entón a mula, vendo a porta da casa aberta, entra soa na casa.

A habitación onde se atopaba o enfermo, estaba na entresollado. A mula, amodo, entra na habitación do pobre home, que como estaba *in articulo mortis*, estaba deitado na súa cama. Ao oír os pasos da mula o campesiño guanche cre que é o doutor o que chega, e levanta o brazo sen volverse para que lle tome o pulso. A mula canaria que ve o brazo diante dela abre a boca e tráballe a man. O noso enfermo, arrepiado, volve a cabeza, ve a mula e tírase da cama dando berros, despois, vendo ao animal, dálle un ataque de risa tal, que fai que vomite e sáelle o absceso da garganta e queda falando e curado.

Nese momento chega o doutor español, o tal Peytavi e comeza a darlle bastonadas á mula; é entón cando o enfermo lle berra ao doutor:“

- Alto aí, señor doutor!, hai que marabillarse do que aquí sucedeu: ver unha mula canaria curar un terrible mal, que vostede con toda a súa ciencia e os seus estudos en España non puidera curar en varias semanas. A partir de agora, se volvo caer enfermo gravemente, envíeme a súa mula e quede vostede tranquilo na súa consulta.